



SOMOS MAIORES, TEMOS DEREITOS!

RECUPEREMOS AS NOSAS PENSÍONS! REVALORIZACIÓN DAS PENSÍONS CO IPC REAL!

EN xaneiro de 2021 entrou en vigor a **reforma das pensións** que, segundo o goberno central, recuperaba a revalorización das pensións anualmente de acordo ao IPC.

Mais, como xa advertimos desde a CIG, esa revalorización viña con truco. A actualización que recolle a reforma faise con respecto ao IPC medio do ano, en lugar de ter en conta o IPC acumulado. No ano 2021, isto supuxo unha **perda do 4% de poder adquisitivo**:

Ano 2021	
IPC interanual acumulado	IPC medio
6,5%	2,5%

Estes días o **goberno anunciou que a suba das pensións este ano 2022 será do entorno dun 8,5%**. Esta previsión fana así porque calculan que o IPC medio do 2022 será do entorno desa cifra. Mais se temos en conta que a inflación acumulada no mes de setembro é dun 9%, se o cálculo se fixera agora perderíase medio punto máis de poder adquisitivo. E iso, se non volve subir cara final de ano, co que a diferenza, **e a perda de poder adquisitivo sería maior**. Por exemplo, se no mes de decembro, o IPC se volve situar na cifra de agosto, un 10,5%, a perda de poder adquisitivo sería dun 1,5% e sumaríase ao 4% perdido no ano 2021. Un total dun 5,5% de perda.

Cómpre lembrar que as galegas e galegos temos as **segundas pensións máis baixas do estado**, co que esa perda do poder de compra supón termos cada día máis difícil afrontar os gastos dos produtos e servizos básicos para a vida diaria.

Desde a CIG, exiximos a revalorización das pensións conforme ao IPC acumulado a final de ano, e a recuperación dos dereitos perdidos en canto ás pensións. Para iso, é precisa a derogación das reformas das pensións, empezando pola de 2011 e incluíndo a de 2021.



**Colectivo de
xubilados/as e
pensionistas**